

## ALBERGUE XUVENIL AREA ( VIVEIRO)

### INFORMACIÓN XERAL:

<b>DATOS XERAIS:</b>	Albergue con capacidade para 120 prazas en habitacións de 5 e 6 camas. Conta con sala de TV, aulas para actividades, comedor, cociña, laboratorio, enfermería e instalacións deportivas
<b>SITUACIÓN:</b>	Atópase ao pé da praia de Area na ría de Viveiro, mirando ao Cantábrico.
<b>ACCESOS:</b>	Por <b>estrada</b> : a 5 km de Viveiro na comarcal 642. Autobuses de Lugo a Viveiro todos os días. Por <b>ferrocarril</b> : Estación FEVE en Viveiro, (liña Ferrol- Xixón).
<b>ENDEREZO:</b>	Albergue Xuvenil "AREA" 27850-Viveiro – Lugo Tel .- 982 560 851 / Fax 982 560 851

### QUENDAS E ACTIVIDADES:

QUENDAS	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
<b>Obxectivos</b>	Introdución aos deportes náuticos. Coñecemento e comprensión do ecosistema do litoral, a través dun proceso lúdico e activo. Espertar nos participantes actitudes e hábitos de colaboración, cooperación, integración e convivencia.
<b>NaturArea: ambiente mariño e náutica</b> 1-12 xullo 2-13 agosto 18-29 agosto	Actividades náuticas: vela, <i>windsurf</i> , <i>kaiak</i> , esquí náutico, <i>wakeboard</i> , <i>skimboard</i> e <i>mergullo</i> , <i>paddelboard</i> . Outras actividades: tiro con arco, sendeirismo, aula de natureza mariña, raid con brúxula, orientación con GPS, cometas, longboard e veladas.
<b>Implica-T coa Mariña</b> 17-28 xullo	Actividades de voluntariado ambiental e coidado do medio mariño. Voluntariado social. Actividades náuticas: vela, <i>windsurf</i> , <i>kaiak</i> , <i>wakeboard</i> e <i>mergullo</i> . Outras actividades: aula de natureza mariña, tiro con arco, raid con brúxula, xeocaptura, longboard, veladas e visitas a lugares de interese (lonxa...)

### **NORMAS XERAIS**

- Os participantes estarán atendidos, permanentemente, por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias destes campamentos.
- Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao campamento a **tarxeta sanitaria orixinal**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.

3. O teléfono para poder falar cos acampados é o número: **982 560 851**. O horario de atención será de 14: 45 a 15:45 e de 21.45 a 22.15. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Tendo en conta o elevado número de xoves e co fin de evitar que se colapsen as liñas telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono, (os participantes poderán facelo despois da comida ). Os participantes disporán dun teléfono de tarxeta e de moedas.
4. Os participantes incorporaranse na data e horarios establecidos, acompañados dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada.
5. Ningún participante poderá abandonar o recinto do albergue sen autorización do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada, debendo cubrir o impreso axeitado, que lles será facilitado polos monitores; ademais da fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada, de se lo caso. Prégase non facer visitas de non ser necesario, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
6. Débese comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos que estean tomando os participantes, e mesmo as alerxias, doenzas ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días.
7. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles ( con funda e cargador).